

VIERNES, 13 de mayo de 2011

LUCES

A colleita da cultura, antes das Letras

Doce figuras vencelladas á actividade artística escollen o mellor do último ano, dende o anterior 17 de maio - Entre os destaques, Mercedes Peón e Emilio Araúxo

TERESA CUIÑAS / ÓSCAR IGLESIAS | 13 MAY 2011

CUESTIONARIO 1. Que obras destacarías en 2011? 2. Por que? 3. Que sinais evidencian (ou non) o impacto da crise na cultura galega?

"Nunca vira manifestacións de persoas implicadas na recuperación da figura das Letras", observa Celia Torres. Para a directora de Promoción de Xerais, "con el chegou a modernidade ao 17 de maio". É a pluralidade na expresión -e na celebración- do Ano Lois o feito cultural máis repetido nos destaques de 2011, que, como cada no, fan 12 figuras da cultura galega a preguntas de EL PAÍS.

No que vai entre o Ano Novoneyra e o 17 de maio en curso, coa industria cultural en estado de estupefacción ou sería parálise, poucos títulos se repiten. O que máis é un delicado volume, pensado para fixar na memoria as esculturas-baliza que ergueron os pastores da Serra de Queixa. N?As sete caras da pedra. Estantes da serra de Queixa (Toxosoutos), o filósofo Emilio Araúxo asina as fotos e o poeta Claude Royet-Journod ponlle letra a todas esas pedras chairas -escribe- "que se erguen como pregarias, libros amoreados para unha lectura futura e improbable".

Tamén chaman ao voto SÓS, o cuarto disco de Mercedes Peón, canda o poemario de Andrea Nunes Brións Todas as mulleres que eu fun, ou a produción derivada do 50º aniversario da publicación en Bos Aires de Memorias dun neno labrego. No apunte específico da crise, medra a creación afastada do eventismo. Xavier Moreda fala de pos-petereisenmanismo para definir o momento actual: "Xa non teñen fondos para continuar secuestrando a cultura. Eis a parte positiva". Xa pode pesar a crise, vén a dicir o novelista ferrolán Mario Regueira, que sempre haberá xente disposta a traducir as memorias de Bobby Sands, o preso do IRA Provisional morto en 1981 tras unha folga de fame (Um día da minha vida, en Estaleiro Editora). Por voluntarismo, porén, ninguén salva a política cultural do Goberno galego. Agustín Fernández Paz, que pronto ha publicar Non hai noite tan longa, esmiza unha "estratexia do bonsai": "Encádrase dentro dunha política máis ampla, orientada a atallar as posibilidades de expansión da nosa cultura".